

INSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO EXAME DE QUÍMICA

- Permitirase o uso de calculadora científica que poida resolver ecuacións de segundo grao pero que non sexa programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos.
- Xunto co exame **proporcionarase táboa periódica**, onde aparecen os símbolos, números atómicos e masas atómicas dos elementos.

CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DO EXAME DE QUÍMICA

- a. As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- b. Valorarase a coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así coma a súa presentación. Naqueles exercicios nos que as preguntas propostas requiran da produción de textos por parte do alumnado, a valoración correspondente aos aspectos contemplados neste apartado b) non poderá ser inferior a un 10 por cento da cualificación da correspondente pregunta.
- c. Nas respostas ás cuestións, valorarase a utilización adecuada da linguaxe química, a claridade e orde lóxica na exposición dos conceptos, procesos, pasos a seguir e hipóteses.
- d. Terase en conta a capacidade de análise e relación.
- e. Unha cuestión teórica deberá razoarse. Non facelo anula a cuestión.
- f. Un erro grave de concepto anula o apartado correspondente, pola contra, unha solución errada pero cun razoamento correcto valorarase.
- g. As cuestións que esixen a solución dunha anterior cualificaranse independentemente do resultado da devandita cuestión. Non obstante, a segunda cuestión anularase cando a solución da primeira estea baseada nun erro grave de concepto ou na invención de resultados.
- h. A formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química nun apartado levará a que o referido apartado puntúe, como máximo, o 25% da nota do mesmo.
- i. Os erros nas unidades, ou ben o non poñelas, descontan un 25% da nota do apartado.
- j. Un erro no cálculo considérase leve e desconta un 10% da nota do apartado. Pero o apartado anularase, se o resultado carece de lóxica e o alumnado non fai unha discusión acerca da falsidade de dito resultado ou se o corrector non é capaz de ver de onde saíu dito resultado. Os erros de redondeo terán unha importancia secundaria, salvo nos casos nos que ditos erros leven aparellados erros conceptuais importantes, como por exemplo concentracións ou temperaturas absolutas negativas, graos de disociación maiores que 1, etc., neste caso, o apartado correspondente valorarase cun cero, salvo que se xustifique a inconsistencia do resultado.